

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

OFICINA DE COOPERACIÓN E
VOLUNTARIADO
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Oficina de Cooperación
e Voluntariado



Vicerreitoría de Internacionalización
e Cooperación

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OCV

Oficina de Cooperación e Voluntariado

Vicerreitoría de Relacións Internacionais e
Cooperación

A Coruña

Facultade de Socioloxía, 1.º andar

Campus de Elviña, 15071 A Coruña

Tel. 981 167 000

www.udc.gal/ocv

Director

José Jesús Cendán Verdes

Extensión: 1334

jesus.cendan.verdes@udc.es

Persoal técnico

Lorena Rilo Pérez

Extensión: 1752

ocv@udc.es

Ferrol

Centro Cultural Universitario, 1.º andar

Campus de Esteiro, 15403 Ferrol

Persoal técnico

Vanessa Míguez Martín

Extensión 3677

ocvfer@udc.es

*Documento redactado por Lorena Rilo Pérez e
Vanessa Míguez Martín*

1 páx. 4

Introdución

2 páx. 5

Cooperación ao desenvolvemento

Proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC)

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Proxectos de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (EPD)

Actividades coas ONG de desenvolvemento

Outras actividades de cooperación

3 páx. 23

Voluntariado

Menores

Exclusión social

Inmigración

Ámbito sociosanitario

Diversidade funcional

Educación para o desenvolvemento

Actividades con outras entidades de acción social

Colaboracións con outras administracións

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña

4 páx. 36

Aprendizaxe e servizo

5 páx. 38

Formación

Participación en redes

Sinerxías con outras universidades

Comunicación

1

Introdución

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) é un servizo universitario que canaliza as demandas de participación e solidariedade na busca do ben común local e global por parte da comunidade universitaria, alén da cidadanía, na área de influencia da Universidade da Coruña (UDC). Con este fin potencia, xestiona e coordina os activos e recursos solidarios da UDC. Así mesmo, ofrece espazos de participación, experiencias de solidariedade e actividades de compromiso social que complementan a misión da UDC como entidade de educación superior, centrada na formación integral da persoa e na construción dunha cidadanía local e global activa e crítica, ao servizo dos valores e principios democráticos e do desenvolvemento humano sustentable.

Depende da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación, e conta con dúas oficinas situadas, respectivamente, nos campus de Elviña (A Coruña) e Esteiro (Ferrol). Os recursos humanos de que dispón arestora a OCV son os seguintes: unha técnica especialista funcionaria na oficina da Coruña e outra interina na de Ferrol, ademais do director do servizo. Tales recursos humanos víronse complementados coa chegada dunha persoa de apoio para coordinar o programa de voluntariado en materia de educación para o desenvolvemento e sensibilización para os campus da Coruña e Ferrol, alén dunha bolseira que se incorporou á oficina da Coruña.

A finais do ano 2016 iniciáronse os traballos de elaboración do novo Plan estratéxico da OCV, que terá vixencia no cuatrienio 2017-2020.

2

Cooperación ao desenvolvemento

Enténdese a cooperación ao desenvolvemento da universidade como un conxunto de actividades realizadas pola comunidade universitaria orientadas á transformación social nos países máis pobres, a prol da paz, a igualdade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade ambiental no mundo, transformación en que o fortalecemento institucional e académico teñen un papel importante.

Código de conduta das universidades en cooperación ao desenvolvemento

A OCV seguiu a incrementar e potenciar o seu traballo en materia de sensibilización, formación en cooperación e educación para o desenvolvemento durante o ano 2016. Tamén o contacto específico co persoal docente e investigador (PDI) da UDC, co obxectivo de implementar e fortalecer unha docencia e unha práctica dirixidas á formación en solidariedade do seu alumnado.

Cabe salientarmos a sinatura, en setembro, dun novo convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as tres universidades do sistema universitario de Galicia para a consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD). Entre outras accións, isto permitiu poñer en marcha o Curso de Formación Específica de Posgrao de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento, que nesta primeira edición de 2016 contou cunha matrícula de 17 persoas. Cunha duración total de 60 horas (48 lectivas e 12 de prácticas), tivo lugar entre os meses de outubro e novembro na Facultade de Dereito (campus de Elviña).

De igual maneira, grazas á sinatura do dito convenio puideron levarse a cabo distintas actividades formativas nos centros dos campus da Coruña e Ferrol, como continuación das desenvolvidas no ano anterior. Foi o caso dos seminarios para a integración da cooperación e a educación para o desenvolvemento nos traballos de fin de grao (TFG) e nos traballos de fin de mestrado (TFM).

De por parte, a OCV publicou en 2016 a III Convocatoria de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social, cunha grande aceptación, en especial do PDI. De igual maneira, puxéronse en marcha novas edicións das convocatorias de proxectos de coñecemento da realidade (PCR), destinados ao estudiantado da UDC; e proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC), para o PDI e o persoal de administración e servizos (PAS).

Por último, cabe notarmos que a OCV participa como socia xunto á Fundación Universidade da Coruña e a Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique nun proxecto de cooperación universitaria para o desenvolvemento (CUD) presentado á Convocatoria de proxectos de innovación en cooperación ao desenvolvemento da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID): Kaya Clinica ('a clínica das casas' en lingua xangana). No mes de xullo de 2016, dúas das persoas responsables deste proxecto viaxaron a Mozambique para facer un seguimento *in situ* do seu desenvolvemento.

Proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC)

No ano 2016 publicouse a V Convocatoria de proxectos de coñecemento da cooperación ao desenvolvemento (PCC) para PDI e PAS da UDC, con que se pretendeu achegar o dito tipo de proxectos ao persoal desta universidade e buscar a súa implicación. Esta convocatoria estivo dotada con 7000 €, e participaron nela catro persoas. A seguir presentamos algúns detalles acerca das localizacións, as persoas participantes e os proxectos.



[Fai clic aquí para ver o mapa en Google Maps.](#)

Uganda

Antonio Legerén Molina

Profesor contratado doutor do Departamento de Dereito Privado

ONG Cooperación Internacional

Viaxou a Uganda para colaborar na construción dun pavillón de aulas, dun lado; e, do outro, co fin de desenvolver actividades educativas de promoción de hábitos básicos de hixiene e prevención de enfermidades, dirixidas á poboación local.

Honduras

Benigno Antonio Rodríguez Gómez

Profesor titular do Departamento de Enxeñaría Industrial

ONGD Arquitectura sen Fronteiras

Viaxou a Honduras para avanzar no desenvolvemento do acordo de colaboración entre a UDC e a Universidade Nacional Autónoma de Honduras (UNAH). Tamén colaborou no fortalecemento das capacidades locais e da participación comunitaria para mellorar o acceso ao dereito á auga potable e o saneamento, a través da xestión integrada dos recursos hídricos nos sete municipios da Mancomunidade de Municipios do Sur (NASMAR).

Mozambique

Plácido Lizancos Mora

Profesor titular do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica

Codirector do proxecto Kaya Clinica

Viaxou a Mozambique cun proxecto de aprendizaxe-servizo financiado pola AECID para afondar nas relacións institucionais existentes entre a UDC, a Universidade Eduardo Mondlane (Maputo) e a Universidade Pedagóxica (Maxixe), a través dos proxectos de CUD existentes. Tales proxectos buscan, dunha parte, a intervención da Academia nos barrios de infravivenda de Maputo; e, da outra, fortalecer en Maxixe os estudos de enxeñaría civil, a través da dotación de infraestruturas e de apoio pedagóxico e docente. Fíxose un seguimento das accións iniciadas e tratouse de lles dar continuidade, ao tempo que explorar novas liñas de actuación.

Mozambique

Vanessa Míguez Martín

Técnica especialista da Oficina de Cooperación e Voluntariado

Codirectora do proxecto Kaya Clínica

Viaxou a Mozambique cun proxecto de aprendizaxe-servizo financiado pola AECID para afondar nas relacións institucionais existentes entre a UDC, a Universidade Eduardo Mondlane (Maputo) e a Universidade Pedagóxica (Maxixe), a través dos proxectos de CUD existentes. No seu caso, a finalidade da estada que realizou foi consolidar os acordos existentes e implementar no marco de actuación dos proxectos un enfoque de dereitos e de perspectiva de xénero.

Proxectos de coñecemento da realidade (PCR)

Os proxectos de coñecemento da realidade (PCR) son unha iniciativa que ofrece ao alumnado da UDC que colabora con ONGD a posibilidade de se desprazar a un país en vías de desenvolvemento para levar a cabo unha estada de cooperación dun a tres meses. O traballo que se realiza pode ser validado por proxectos de fin de carreira, por prácticas de materias ou por traballos obrigatorios de fin de carreira.

Alén disto, participar nun PCR constitúese como unha importante ferramenta de sensibilización sobre a temática, tanto para o propio alumnado beneficiario como para a sociedade en xeral, xa que tras o regreso se organizan charlas para dar a coñecer o aprendido na experiencia.

No ano 2016 presentouse na UDC a X Convocatoria de proxectos de coñecemento da realidade en programas de cooperación para o desenvolvemento, dotada con 22 000 € destinados a financiar os gastos do desprazamento ao país de destino e o seguro da viaxe, así como os de xestión e coordinación da dita actuación (protocolo, difusión etc.). Este ano seleccionáronse 13 proxectos, que presentamos a continuación xunto con algúns detalles acerca das localizacións e as persoas participantes.



[Fai clic aquí para ver o mapa en Google Maps.](#)

Perú

Raquel Álvarez Barreira

Estudiante do Mestrado Universitario en Socioloxía Aplicada

ONGD Ayuda en Acción

Desenvolveu actividades de sensibilización para fortalecer e promover a institución da familia a través de obradoiros con temáticas de xénero, dereitos e violencia familiar. Tales actividades buscaron diminuír os índices de violencia intrafamiliar e fortalecer as poboacións locais vulnerables, en especial a infancia, a adolescencia e as mulleres.

Ecuador

Simón Prieto Lista

Estudiante do Grao en Administración e Dirección de Empresas

ONGD Ayuda en Acción

Traballou na mellora das estratexias de venda, comunicación, mercadotecnia e publicidade dos emprendementos comunitarios, a través dun plan de capacitación e obradoiros de turismo e produción agroecolóxica. O fin destas actividades foi promover o desenvolvemento sustentable e a capacitación dos beneficiarios das hortas familiares en mercadotecnia e presentación dos produtos.

Bolivia

Soraya Prado Agís

Estudiante do Grao en Terapia Ocupacional

ONGD Ayuda en Acción

Ofreceu apoio e continuidade aos programas de terapia ocupacional destinados a residentes e non residentes do Fogar Teresa de los Andes. Os devanditos programas destínanse á estimulación temperá de nenos e nenas entre 0-6 anos, coa finalidade de previr e mellorar posibles déficits do desenvolvemento cognitivo a través da potenciación das súas capacidades, aptitudes, actitudes e intereses, de maneira que se posibilite a súa independencia e unha ocupación activa na sociedade.

Filipinas

Andrea Fernández Sánchez

Estudiante do Programa Oficial de Doutoramento en Equidade e Innovación en Educación

ONGD Educo

Colaborou no fomento, a promoción e o favorecemento da educación de calidade como dereito fundamental da nenez, cuxo obxectivo é impulsar a igualdade de oportunidades para acceder á educación desde unha metodoloxía incluínte.

Guatemala

Lucía García- -Cernuda Ruiz de Alda

Estudiante do Grao en Arquitectura

ONGD Arquitectura sen Fronteiras

Colaborou cun dos proxectos propios da ONGD Arquitectura sen Fronteiras na mellora das condicións de acceso a un hábitat digno: a elaboración dun sistema de información xeográfica que proporcione información cuantitativa, cualitativa e referenciada das comunidades de estudo do proxecto, co fin de incrementar o número de familias beneficiarias dunha vivenda, a través de estratexias para reducir os custos das vivendas.

Beatriz Sierra Romero

Estudiante do Grao en Arquitectura

ONGD Arquitectura sen Fronteiras

Participou na elaboración dun estudo metodolóxico dos criterios de deseño dos centros educativos utilizados pola ONGD Arquitectura sen Fronteiras. Así mesmo, traballou na análise dos proxectos anteriores desta ONGD, co fin de obter información práctica que permita coñecer en profundidade a realidade das comunidades de Retalhuleu.

Marta Fernández Fernández

Estudiante do Grao en Arquitectura

ONGD Arquitectura sen Fronteiras

Traballou na mellora das infraestruturas sanitarias do Instituto Nacional de Educación Básica, que comportou ampliar as instalacións. Entre outras accións, construíronse un salón comunitario e latrinas, para favorecer un desenvolvemento favorable do alumnado. De igual forma, colaborou nos programas da ONGD Arquitectura sen Fronteiras no estudo de solucións de saneamento e manexo das augas, alén de na sensibilización da comunidade local canto a criterios de hixiene e saúde.

Honduras

Iria Álvarez Marcos

Estudiante do Mestrado Universitario en Discapacidade e Dependencia

ONG ACOES Honduras

Participou no desenvolvemento integral de nenos e mozos con discapacidade e/ou problemas de aprendizaxe a través de traballos educativos de inclusión, formación-capacitación e seguimento, destinados tanto ao alumnado como ao profesorado.

Zaira Piñeiro Iglesias

Estudiante do Grao en Educación Social

ONG ACOES Honduras

Colaborou na promoción de ferramentas entre a xente nova do Centro de Prevención Santa Mónica para esta atinxir hábitos de vida saudables e habilidades sociais, a través de obradoiros interactivos, asembleas, grupos teatrais, campañas de sensibilización e artes plásticas etc.

Patricia Cortés Cuadrado

Estudiante do Grao en Educación Infantil

ONG ACOES Honduras

Traballou na promoción e potenciación da educación a través de actividades lúdicas cuxo fin foi consolidar a percepción da aprendizaxe como ferramenta de transformación social, así como buscar a participación das familias na elaboración de contidos globais que favorezan a igualdade.

Laura Morales Rodríguez

Estudiante do Mestrado Universitario en Migracións Internacionais

ONG ACOES Honduras

Colaborou na mellora das condicións de vida de nenos e mozos na Colonia Villa Cristina, á busca de integralos familiar e socialmente, a través de proxectos socioeducativos, para previr as situacións de risco e exclusión social.

Belén Rodríguez Expósito

Estudiante do Grao en Educación Infantil

ONG ACOES Honduras

Traballou cos nenos que usan diariamente os comedores da Escola de San Cristóbal, por medio de xogos, intercambios culturais e obradoiros que buscaron favorecer o seu acceso á educación, a nutrición, a saúde e a hixiene.

Irene Vijande Villarnovo

Estudiante de Grao en Educación Social

ONG ACOES Honduras

Participou no fomento da participación social, a creación de espazos de intercambio cultural e o establecemento dunha conciencia social crítica cun enfoque de xénero e de desenvolvemento sustentable entre os mozos das distintas comunidades indíxenas e rurais do país.

Experiencias

Entrevista a Iria Álvarez Marcos, usuaria do programa de PCR da OCV



En que proxecto participaches en 2016?

Participei, a través da ONG ACOES Honduras, nun proxecto chamado “Sinergias”, cuxo obxectivo é a defensa dos dereitos e a mellora da calidade de vida da xente nova con diversidade funcional nas zonas máis marxinais de Tegucigalpa.

Como te sentiches a primeira vez que chegaches ao país de destino?

Ao principio, e creo que é algo que lles sucede ás persoas que viviron esta experiencia, sentes moita inquedanza, incerteza, medos... Ora ben, trátase de sentimentos que teñen data de caducidade. Pasadas as 48 horas de rigor para asentarse fíxeme consciente de onde estaba e de que implicaba o feito de que eu estivese alí.

Como foi a acollida por parte da contraparte local?

Superaron as miñas expectativas. Desde a benvida no aeroporto até que chegou o momento da despedida, non puideron parar de agradecerlles o trato recibido. A verdade é que foi unha sorte o poder compartir coa xente de alí o que vivín, porque é unha aprendizaxe constante, ensinanche día a día aspectos da vida totalmente novos e outros que parecía que estaban esquecidos.

Recomendarías a experiencia? Por que?

Por suposto que a recomendaría, por moitos motivos. Cada vez que lembrás a experiencia tes un cúmulo de emocións difíciles de explicar, pero que conclúen nun «Mereceu a pena». Eu ás persoas que se animen recomendaríalles que fosen conscientes do que implica, pois sempre xorden obstáculos que cómpre superar; e no profesional sen dúbida serviríalles para coñecer outras realidades sociais moi distintas, aspecto que logo vai marcalas ao longo de todo o teu futuro laboral.

Que che proporcionou esta estadía no persoal, profesional e vital?

O peso, baixo o meu criterio, teno o terreo persoal. No meu caso, ao ir só un mes, puideron empaparme do que se facía e tamén compartir cuestións profesionais co persoal que traballa no país de destino, mais todo iso resultoume insuficiente e quedei con ganas de máis no momento do regreso. No entanto, no plano persoal comezas a enriquecerte desde o momento en que das literalmente o primeiro paso no país, cada día é extraordinario.

Tampouco se trata de enganar a ninguén: hai días máis duros que outros, que che fan lembrar o fráxiles que somos. Acórdame agora unha frase dunha muller que coñecemos alí, que nos dicía: “Chorar é bo, non só porque limpa os vosos ollos, senón tamén a vosa alma”, e razón non lle faltaba. A miña experiencia en Honduras axudoume a coller forzas, a valorar cada instante e reformularme os valores da nosa sociedade. Soa a tópico, pero é real.

Cales foron as túas motivacións para presentarte a esta convocatoria de 2016?

Quizais o meu propósito de estudar Traballo Social ía moi nesa liña. Con esta perspectiva, a miña meta máis inmediata era ampliar os meus horizontes xeográficos e profesionais. Tras indagar sobre a bolsa PCR e ter meditado sobre a cuestión, puxen toda a miña ilusión nela, xa que as características e condicións que ofrece se axustaban ás miñas inquietudes e necesidades.

Por outra banda, o feito de poder ser cooperante sempre o tomei como un reto profesional, mais, sen dúbida, tamén persoal. Deixar aquí a miña familia, os amigos, o meu traballo, saír á fin e ao cabo da miña zona de confort e coñecer novas culturas, gozar de novas paisaxes... É apostar por unha experiencia que poucas veces se ofrece na vida, e en que podes gañar máis do que vaias perder.

Foi unha decisión moi meditada, que tiven anos roldando na miña cabeza, como digo. Á parte do dito, o motivo principal foi vivir e compartir as miñas vivencias persoais e profesionais da outra beira do Atlántico. Estaba segura de que sería a mellor experiencia da miña vida, e hoxe podo dicir ben alto que si o foi.

Proxectos de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social (EPD)

A Convocatoria de axudas de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social viu en 2016 a súa terceira edición, en que se mantivo unha importante participación, cun total de oito proxectos beneficiados. A dita convocatoria, dotada este ano con 7000 €, ten por obxectivo apoiar actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria cuxo fin sexa darlles pulo na universidade aos valores da solidariedade; sensibilizar a sociedade sobre as causas da pobreza e as desigualdades norte-sur, norte-norte; fomentar o desenvolvemento humano sustentable e a xustiza social; e favorecer aquelas iniciativas que promovan a participación social da comunidade universitaria na UDC.

Dentro desta convocatoria financiáronse os oito proxectos que recolleemos a seguir.

Sandra Martínez Costa

Profesora titular do Departamento de Humanidades

O proxecto en que colaborou consistiu na exposición dunha serie de fotografías realizadas a raíz dunha viaxe financiada cunha bolsa de PCC da OCV, as cales reflicten a experiencia que viviu como voluntaria da ONGD Ayuda en Acción nese país.

A exposición, que forma parte do proxecto “Guardabarrancos”, completouse coa publicación dun libro que contén testemuñas e máis imaxes recollidas en Nicaragua.

A exposición inaugurouse de forma colectiva no mes de setembro na NORMAL co título de “Vidas reflexadas”.

David Pou Villar

Estudante do Grao en Ciencias da Comunicación

En colaboración coa responsable da actividade, Sandra Martínez Costa, realizou unha exposición fotográfica da realidade de Cariamanga, Ecuador, con imaxes que reflicten a experiencia que viviu nese país como voluntario da ONGD Ayuda en Acción grazas a unha viaxe financiada cunha bolsa PCR da OCV. A finalidade da exposición foi trasladar a realidade social do lugar e sensibilizar a comunidade universitaria que se achegase a visitala.

A dita exposición foi inaugurada inicialmente na Facultade de Ciencias da Educación, e máis adiante formou parte da exposición colectiva “Vidas reflexadas”, que estivo presente na NORMAL durante o mes de setembro, e no Centro Cultural Universitario de Ferrol en decembro.

Antonio Legerén Molina

Profesor titular do Departamento de Dereito Privado

ONGD Cooperación Internacional

Puxo en marcha unha exposición fotográfica titulada “Miradas de Uganda”, que reflicte distintos momentos do proxecto de cooperación e educación que coordinou coa colaboración da ONGD Cooperación Internacional en Uganda entre os anos 2012 e 2015. A finalidade deste proxecto foi sensibilizar o estudiantado das necesidades educativas existentes nese país.

A exposición inaugurouse inicialmente no LERD do campus de Elviña, onde permaneceu durante unha quincena do mes de xuño, para logo pasar a formar parte da exposición colectiva “Vidas reflexadas”, albergada na NORMAL na Coruña e no Centro Cultural Universitario en Ferrol respectivamente.

Evaristo Zas Gómez

Profesor titular do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica

Realizou unha exposición en formato físico e dixital de materiais docentes producidos na materia de Análise Arquitectónica, relativos ao estudo de propostas habitacionais para resolver a efectividade do dereito á vivenda.

A exposición, titulada “People. Processes. Homes. 12+1. Architectonic Devices for Social Habitat”, foi o resultado dun práctica docente formal implicada cunha perspectiva de inclusividade e compromiso cos dereitos humanos, particularmente o de acceso á vivenda.

A dita exposición foi simultánea ao IV Congreso sobre Arquitectura e Cooperación ao Desenvolvemento, que tivo lugar no mes de setembro na Escola Técnica Superior de Arquitectura.

Amparo Casares Gallego

Profesora titular do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo

Organizou o IV Congreso sobre Arquitectura e Cooperación ao Desenvolvemento, que tivo lugar no mes de setembro na Escola Técnica Superior de Arquitectura, co obxecto de construír unha ponte entre a universidade e a cidadanía e promover o sentido social do hábitat. Así, tratouse dun congreso aberto tanto ao público en xeral como ao conxunto da comunidade universitaria.

O dito congreso, que reuniu durante un par de días na Coruña profesionais da arquitectura, da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria nacionais e internacionais, foi un éxito de asistencia

Patricia Muñiz Núñez

Estudante do Programa Oficial de Doutoramento en Arquitectura e Urbanismo

Organizou un seminario-obradoiro práctico para visibilizar a problemática dos desprazamentos internos e das persoas refuxiadas no contexto dos conflitos bélicos, co título de “Persoas refuxiadas e desprazadas internas”.

Os obxectivos desta actividade, que tivo lugar entre os días 20-23 de xuño na Escola Técnica Superior de Arquitectura, foron, dunha banda, sensibilizar a sociedade no tocante aos temas tratados; e, da outra, buscar alternativas para as organizacións humanitarias e outras entidades abordaren a problemática desde unha perspectiva que mellore as condicións de aloxamento das persoas desprazadas.

Jorge Antonio Quindimil López

Profesor titular do Departamento de Dereito Público

Organizou unha xornada sobre os conflitos armados, as crises humanitarias e os dereitos humanos baixo o lema “Mantemento da paz e da seguridade internacionais: conflitos armados e crises humanitarias actuais”, a cal tivo lugar o 6 de maio na Facultade de Dereito. Tratouse dunha xornada aberta tanto ao público en xeral como ao conxunto da comunidade universitaria, en especial os estudantes de Dereito Internacional Público.

A dita xornada contou coa participación dunha persoa refuxiada, de especialistas procedentes do eido universitario e de ONG vinculadas aos dereitos humanos, como Amnistía Internacional e a Comisión Española de Axuda ao Refuxiado (CEAR), entre outros.

Bruno Casal Rodríguez

Profesor titular do Departamento de Economía Aplicada 1

Levou a cabo un proxecto conxunto entre o alumnado e o profesorado da Escola Universitaria de Relacións Laborais, dirixido a toda a comunidade educativa da UDC e concibido como un laboratorio.

Entendeuse este como un espazo de encontro participativo, que servise para traballar, coñecer e analizar experiencias de acción solidaria e emprendemento. O seu obxectivo foi a organización de actividades de sensibilización para dar a coñecer diferentes experiencias relacionadas coa economía social, e máis concretamente o cooperativismo.

Actividades coas ONG de desenvolvemento

Unha das prioridades da Área de Cooperación ao Desenvolvemento da OCV é a de colaborar coas distintas ONGD tanto da provincia da Coruña como de Galicia en xeral, así como con outros axentes da cooperación galega, na busca de sinerxías que permitan unha cooperación máis efectiva e de calidade. Esta colaboración atinxe a realización de actividades conxuntas; labores de sensibilización e de educación para o desenvolvemento a través da organización de xornadas, charlas, obradoiros, seminarios e exposicións; e a difusión das diferentes actividades que desenvolven estas organizacións a través das nosas redes e contactos.

Este interese da OCV polo traballo conxunto coas ONGD amplíase coas colaboracións con outras entidades e organismos de acción social, o que se verá reflectido na información que presentamos a continuación.

ONGD Arquitectura sen Fronteiras Galicia

Durante o ano 2016 mantivéronse varias reunións co grupo de incidencia local da ONGD Arquitectos sen Fronteiras coa finalidade de coordinar as actuacións desenvolvidas conxuntamente no poboado das Rañas. Tamén se fixeron en común visitas ao centro escolar e ao instituto a que asisten os rapaces do poboado para reforzar as ensinanzas regradas.

Solidariedade Internacional Galicia

No ano 2016 houbo unha gran colaboración coa dita ONGD, en concreto na realización da actividade de sensibilización “Quere ser millonario/a?”, levada a cabo en distintos centros e facultades dos campus da Coruña e Ferrol entre os meses de novembro e decembro. Esta actividade foi financiada por medio dun convenio coa RGCUD.

Alén diso, contouse con Solidariedade Internacional Galicia para o cátering de comercio xusto ofrecido nas Xornadas para as Persoas sen Teito, que tiveron lugar no mes de abril no Centro Cívico de Labañou.

ACCEM

No ano 2016 continuamos co programa de voluntariado especializado en migracións e refuxio. Así mesmo, colaborouse coa dita entidade na organización da actividade “Gastro-test a cegas”, en que o voluntariado do programa de educación para o desenvolvemento e sensibilización da OCV contou con persoas acollidas por ACCEM de diferentes nacionalidades para dar a coñecer a cultura e a gastronomía doutros países.

Ademais, unha das psicólogas do equipo da entidade que atende as persoas refuxiadas participou nunha conferencia no Seminario sobre Saúde en Cooperación ao Desenvolvemento e Acción Humanitaria, que tivo lugar os días 17 e 18 de novembro na Facultade de Dereito.

Coordinadora Galega de ONGD

No ano 2016 continuaron os labores de difusión e intercambio de información entre as dúas entidades.

Médicos sen Fronteiras

A dita organización colaborou coa OCV cun relatorio no s Seminario sobre Saúde en Cooperación ao Desenvolvemento e Acción Humanitaria, que tivo lugar os días 17 e 18 de novembro na Facultade de Dereito.

Amnistía Internacional

Ao longo do ano 2016 colaborouse coa ONGD Amnistía Internacional na difusión do seu labor a través dunha exposición sobre os dereitos humanos que foi albergada na Facultade de Informática no mes de maio, e na Facultade de Socioloxía no mes de setembro.

ACPP

Durante o ano 2016, colaborouse coa ONGD ACPP para impartir formación, durante tres días, ao alumnado que obtivo a bolsa de PCR. Acordouse un programa conxunto para abordar unha introdución á cooperación para o desenvolvemento, os proxectos de marco lóxico e un apartado sobre a comunicación.

Intered Galicia

Durante 2016, alén de intercambiar información para a súa difusión, organizáronse conxuntamente coa dita ONGD dous cursos : o Obradoiro Práctico de Intervención Educativa. A Revolución dos Coidados, que se impartiu os días 14 e 15 de abril na Facultade de Socioloxía; e o Obradoiro Práctico sobre a Pedagogía dos Coidados, que tivo lugar os días 16 e 23 de novembro tamén na Coruña.

Consulado de Ecuador

Realizouse unha recollida de 1,5 toneladas de alimentos e materiais escolares para o seu envío a través do Consulado de Ecuador, despois do terremoto que asolou gran parte do país.

Outras actividades de cooperación LabiCCo

A Oficina de Cooperación e Voluntariado financiou a viaxe da profesora Adriana Ávila Álvarez para a súa participación no Laboratorio Iberoamericano de Innovación Cidadá (LabiCCo), no marco do XXV Cumio Iberoamericano de Xefes de Estado e de Goberno en Cartaxena de Indias, Colombia, do 9 ao 23 de outubro de 2016.

Adriana Ávila presentouse á convocatoria pública de colaboradores para participar nesta acción cidadá, e foi seleccionada entre máis de mil persoas. Ao citado cumio asistiron 120 persoas de 60 cidades e de 15 países diferentes para, durante dúas semanas, prototiparen 11 proxectos innovadores para a inclusión e a accesibilidade de poboacións vulnerables.

A participación da UDC non só quedou reflectida na documentación, a publicidade, os carteis e o material de traballo, senón tamén en todos os encontros e colaboracións con outros participantes do LabiCCo, así como nos proxectos para o futuro: páxina web do Museo Viaxeiro (un museo para sentir); colaboración en proxectos innovadores con entidades iberoamericanas e na Rede de Apoio Iberoamericana de Cooperación, Emprendemento e Educación etc.

Kaya Clinica

O 21 de xullo tivo lugar en Maputo (Mozambique) o lanzamento do proxecto de cooperación universitaria para o desenvolvemento Kaya Clinica (“clínica das casas” en lingua xangana). O dito proxecto, impulsado pola Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique en colaboración coa UDC, conta cun financiamento da AECID de 74 824 € para un período de execución de 18 meses.

No acto estiveron presentes a coordinadora xeral da cooperación española en Mozambique, Cristina Gutiérrez; os socios locais, encabezados polo coordinador do proxecto en Maputo, Luis Lage; e dúas das tres persoas que dirixen o proxecto na UDC, Plácido Lizancos (profesor da Escola Técnica

Superior de Arquitectura) e Vanessa Míguez (técnica da OCV), coa ausencia de Alberto Varela.

O proxecto Kaya Clinica busca a implementación dun sistema de aprendizaxe-servizo para o alumnado cuxo foco é a habitabilidade integral (auga, saneamento e mellora da habitabilidade), co punto de inicio nun dos barrios da capital mozambicana, Dimitrov, situado ao norte da cidade.

Este proxecto foi presentado na Xornada Pre-Hábitat III, que tivo lugar baixo o lema “Achegas da cooperación española para Hábitat III. Boas prácticas e leccións aprendidas” en setembro en Madrid. No mes de outubro foi elixido para representar a España na Conferencia Hábitat III de Nacións Unidas, sobre vivenda e desenvolvemento sustentable, que se realizou en Ecuador.

O proxecto envolve as facultades de Arquitectura, Enxeñaría, Dereito, Letras e Ciencias Sociais, Medicina e Economía da Universidade Eduardo Mondlane, e ás de Arquitectura e Enxeñaría da UDC, así como á OCV.

No mes de outubro, os coordinadores do proxecto na Universidade Eduardo Mondlane viaxaron a Galicia para manter varias reunións de coordinación coa Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos; a Escola Técnica Superior de Arquitectura e a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica. Foron recibidos polo reitor da UDC e a vicerreitora de Internacionalización e Cooperación, e participaron no IV Congreso sobre Arquitectura e Cooperación ao Desenvolvemento, que tivo lugar na Escola Técnica Superior de Arquitectura.

3

Voluntariado

Acción voluntaria realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico; que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcional ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída; que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan; que se leve a efecto en función de programas concretos, que sexan promovidos por calquera das entidades de acción voluntaria ou polas administracións públicas de Galicia.

Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia

Os diferentes programas de voluntariado da OCV, ben sexan puntuais ou continuos no tempo, comezan sempre cun proceso de estudo que se pon en marcha cando calquera ONG, asociación ou administración pública establece contacto con nós. Posteriormente, analízase a pertinencia e a sustentabilidade do proxecto, e, en función destas variables e do número de persoas voluntarias dispoñibles ou interesadas, tómase unha decisión sobre o seu desenvolvemento.

As nosas propostas de actuación voluntaria abranguen moitos ámbitos, na busca de favorecer a elección das persoas á hora de decantarse por un ou outro labor no eido do voluntariado.

Cabe salientarmos deste 2016 a posta en marcha dalgún novo proxecto en colaboración con diferentes entidades, especialmente na comarca de Ferrolterra. Xunto coa Asociación para a Loita contra as Enfermidades do Ril (ALCER) iniciouse a campaña “Doar palabras”, para promover e estimular a lectura nos centros de diálise do Hospital Juan Cardona de Ferrol. Con Acción Familiar Ferrol (AFA), o voluntariado da OCV colabora en actividades de acompañamento ás persoas maiores nas súas visitas médicas. Unha colaboración deste tipo tamén se implementou en Betanzos, co Centro Paimenni.

Menores

Centro de Acollida de Menores de Bañobre

O obxectivo deste proxecto de voluntariado foi buscar o tratamento individual e igualitario de cada un dos 35 menores que viven no centro de acollida a través de actividades lúdicas. Neste ano 2016 realizáronse todas as actividades de ocio programadas. A asistencia do voluntariado ao proxecto foi do 90%, o que estivo motivado en moitas ocasións pola falta de medio de transporte para desprazarse até o centro.

Programa de voluntariado “E agora que?”

Este proxecto xorde en 2012 para dar resposta a unha necesidade detectada polos voluntarios participantes no programa anterior: a integración sociolaboral das persoas que viven no Centro de Acollida de Menores de Bañobre, que unha vez chegan á adolescencia teñen que comezar a desenvolver unhas expectativas de emancipación persoal.

As persoas voluntarias levan a cabo un programa de seguimento e de orientación que busca ser unha “fase ponte” de cara á saída do centro dos e as adolescentes, onde os plans de acceso á vivenda, a orientación laboral, a continuidade da formación académica etc. tratan de ser as ferramentas esenciais de empoderamento que precisan nese proceso de emancipación. En 2016 fíxose o acompañamento de seis menores.

Barrio das Rañas

As actividades que desenvolve o voluntariado da OCV neste proxecto están orientadas ao apoio na realización das tarefas escolares de nenos e nenas de entre 6 e 16 anos, así como á iniciación dos máis pequenos nunha dinámica escolar e ao ocio educativo.

Unha media de 24 rapaces asistiu ás actividades desenvolvidas polos voluntarios da OCV. Un dos obxectivos marcados para este ano foi a continuidade na asistencia dos menores á actividade de apoio escolar, que aumenta nos máis pequenos.

Tamén se apostou por unha maior coordinación co centro educativo dos maiores e polo apoio dos rapaces de instituto, o cal se conseguiu cos varóns.

Apoio escolar a menores en Ferrol

Neste caso, trátase de darlles o apoio escolar preciso a menores inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, así como a outros rapaces nunha especial situación de vulnerabilidade, para que poidan levar un ritmo de desempeño acorde ao do resto de menores na escola. Un par de horas á mañá dos sábados (de 11.30 a 13.30 h), o grupo de voluntariado ofreceu apoio e acompañamento nas diferentes materias de estudo aos menores, para estes seguiren a bo ritmo o desenvolvemento do curso escolar.

Exclusión social Acompañamento e información a persoas sen fogar

Este programa, cuxo fin é romper a incomunicación, o illamento e a soidade das persoas sen fogar, ao crear un vínculo afectivo a través do contacto permanente con elas, leva en funcionamento na cidade da Coruña desde o ano 1998.

En 2016 realizouse unha ruta durante un día á semana con repartición gratuíta de café para as persoas que o precisasen. Así mesmo, elaborouse un *kit* de información en varios idiomas e unha guía interactiva de recursos da cidade, accesible a través da web da UDC.

Colaboración coa Fundación Fogar Santa Lucía para mulleres sen teito

O voluntariado da OCV colabora na actividade da Aula de Cultura desta fundación coas mulleres de menor nivel educativo. Como complemento, organízanse saídas culturais en que participan todas as mulleres que viven no centro. Neste ano tivo lugar unha media de tres saídas por trimestre, e participaron unha media de oito mulleres.

Colaboración co Fogar de Sor Eusebia

No Fogar de Sor Eusebia conviven homes sen teito con algún tipo de problema que lles impide valerse por si mesmos fóra. O obxectivo da colaboración da OCV é dinamizar a vida dos usuarios e ofrecerlles alternativas de ocio. A meirande parte das actividades realizouse no propio centro, aínda que ao longo do ano 2016 tamén se levaron a cabo saídas culturais e de ocio cos usuarios.

Centro Penitenciario de Teixeiro

A OCV desenvolve distintas accións no Centro Penitenciario de Teixeiro. Así, durante 2016 continuouse coa proxección de películas e documentais, para o posterior debate ao respecto, que é unha das actividades máis agardadas e seguidas polas persoas reclusas.

Ademais disto, colaborouse coa Fundación Érguete na posta en marcha dun obradoiro de inserción sociolaboral para un grupo reducido de internos, impartido polo voluntariado da OCV.

A colaboración coa Fundación Érguete estendeuse ao Centro de Inserción Social e o Concello da Coruña na campaña “Móllate!”, de sensibilización ambiental. Durante varios días, os internos participantes, o voluntariado e o persoal técnico da OCV atenderon postos informativos e un *photocall*, alén de axudar na reserva dunha “praia sustentable” como alternativa de celebración do día de san Xoán.

Inmigración Aulas de español en SOS Racismo Galicia

Tras a sinatura dun acordo de colaboración entre a OCV e a dita ONGD con sede na cidade da Coruña no ano 2015, durante 2016 continuouse coa colaboración, neste caso para aulas de español con persoas adultas de orixe estranxeira.

Albergue de Transeúntes Padre Rubinos

O voluntariado da OCV colabora nas actividades do centro de día que se ofrecen para as persoas usuarias do albergue, na recollida e clasificación de roupa ou nas actividades do comedor. Tamén participa en actividades de ocio (saídas culturais etc.); obradoiros de prensa, ioga, elaboración xabóns, pintura etc.; e na liga social de fútbol.

Ámbito sociosanitario Hospital Materno-Infantil Teresa Herrera

Este proxecto iniciouse en maio de 2009, na Área de Lactantes do Hospital. En 2016 as actividades foron moi variadas, debido a que as idades dos menores oscilan entre os 0 e os 3 anos: monicreques, globoflexia, contacontos... E continuouse tamén a colaboración co Centro de Día deste hospital.

Así mesmo, durante este ano afondouse na organización do grupo e na relación directa co persoal de enfermaría.

Acompañamento de persoas enfermas no Hospital Oncolóxico Rexional de Galicia

Este proxecto xorde como unha colaboración coa Asociación Española contra o Cancro, que leva a cabo actividades en hospitais. O obxectivo primordial é mellorar, dentro dos medios de que se dispón, a calidade de vida das persoas afectadas pola dita enfermidade. O voluntariado da OCV realiza o acompañamento dos enfermos de cancro e dos seus familiares

Saúde mental e acompañamento hospitalario

Durante o ano 2016 traballouse para mellorar a coordinación do voluntariado na súa incorporación ao proxecto de acompañamento hospitalario a persoas do Servizo de Saúde Mental usuarias do Centro de Día do Hospital Marítimo de Oza; e ao proxecto de acompañamento hospitalario a persoas da Área de Rehabilitación do mesmo hospital.

Doazón de medula ósea (ASOTRAME)

En 2016 a OCV colaborou coa Asociación de Transplantados de Medula Ósea (ASOTRAME) en actividades de difusión e sensibilización para concienciar a comunidade universitaria sobre a importancia da doazón. No mes de febreiro organizouse unha charla informativa titulada “Reflexos de vida” na Facultade de Enfermaría e Podoloxía; e, no mes de setembro, no mesmo campus de Ferrol, montáronse unha exposición e un posto de información e captación de novas persoas doadoras.

ALCER Coruña

A OCV e ALCER botaron a andar na cidade de Ferrol o programa “Doar palabras” para promover e estimular a lectura nos centros de diálise do Hospital Juan Cardona, entre as persoas con enfermidade de ril. Nunha primeira fase, o voluntariado está a traballar na catalogación e actualización do material bibliográfico de que dispón a entidade, tarefa que leva a cabo na sede de ALCER, situada na Casa Solidaria de Ferrol.

Diversidade funcional

AFAES Portanova

O voluntariado acudiu á Asociación de Familiares de AFAES Portanova, na cidade de Narón, para participar en diferentes actividades coas persoas usuarias do centro ocupacional (obradoiros, hortos etc.), ou ben colaborar en celebracións e actividades puntuais (por exemplo, no Magosto, ou en carreiras solidarias como a que tivo lugar no mes de outubro).

Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Física (CAMF)

O labor do voluntariado consiste en acompañar as persoas residentes da residencia ferrolá cando saen ao exterior para facer calquera tipo de xestión persoal, ou mesmo para gozar de tempo de lecer.

O voluntariado da OCV acode en distintos horarios durante toda a semana, na procura de abranger o maior número de demandas de acompañamento que se poida producir. Tamén asiste en materia de alfabetización dixital e manexo de ordenadores, teléfonos intelixentes etc. ás persoas que así o solicitan.

Educación para o desenvolvemento

Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria

O voluntariado que participa neste proxecto diseña materiais de sensibilización, dinámicas e xogos de carácter lúdico para intentar chamar a atención dos seus compañeiros e compañeiras dos campus sobre a importancia de exercer unha cidadanía activa e actuar en defensa dos dereitos humanos e a xustiza social.

O ano 2016 destaca pola enorme cantidade de actividades desenvolvidas nos dous campus da UDC para lles dar visibilidade entre a comunidade universitaria a problemáticas e asuntos de enorme calado social, relacionados coa xustiza social, os dereitos humanos e o medio ambiente (situación das persoas refuxiadas, o dereito á saúde sexual e reprodutiva, as migracións e a interculturalidade, a violencia de xénero, etc. En ocasións traballouse en colaboración con outros servizos da UDC, como a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) ou entidades e

ONGD do noso ámbito de influencia.

Pasamos a relacionar as actividades desenvolvidas:

- Actividades sobre a violencia de xénero: 26, 27 e 28 de xaneiro na Facultade de Economía e Empresa, o Centro Cultural Universitario de Ferrol e a Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas, respectivamente.
- Actividades sobre as migracións e a interculturalidade: 5 e 6 de abril na Facultade de Dereito e a Escola Universitaria Politécnica, respectivamente.
- Actividades sobre a saúde sexual e reprodutiva: 18, 20 e 25 de outubro na Facultade de Ciencias da Educación, o Centro Cultural Universitario de Ferrol e a Facultade de Ciencias, respectivamente.
- Actividades sobre a situación das persoas refuxiadas: 16, 24 e 30 de novembro nos campus de Elviña e Ferrol. Consistiron nunha experiencia vivencial en que se contou coa presenza dun mozo sirio refuxiado e unha voluntaria que estivo nas illas gregas, os cales ofrecerían unha conferencia na Facultade de Ciencias da Educación xa o 1 de decembro; e un “Gastro-test a cegas”, en colaboración con ACCEM.
- Actividades sobre a sustentabilidade e o medio ambiente: no mes de decembro tivo lugar cadanseu obradoiro práctico sobre macetas e produtos ecolóxicos de limpeza nos campus da Coruña e Ferrol.

Outras actividades de sensibilización

Durante 2016 realizáronse varias actividades de sensibilización en colaboración con outras entidades da contorna das cidades da Coruña e Ferrol:

- Proxección do documental *Fíos fóra. Historias de obreiras. Entre costuras e patróns* do colectivo Illa Bufarda, e conferencia *ad hoc*, no Salón de Actos do campus de Ferrol o 22 de febreiro.
- Charla informativa e de sensibilización sobre a doazón de medula ósea con ASOTRAME na Facultade de Enfermaría e Podoloxía o 26 de febreiro.

– Conferencia-coloquio “Las patronas”, en colaboración co Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias da Educación o 8 de marzo.

– Charla-coloquio “Máis alá do crecemento e o decrecemento: cara a onde reorientar a economía?”, a cargo do profesor de Economía da Universidade CEU Cardenal Herrera de Valencia Enrique Lluch Frechina. Tivo lugar o 23 de maio no Salón de Actos do campus de Ferrol.

– Intercambio cultural dentro do programa Aula de cultura, desenvolvido polo voluntariado na cárcere de Teixeiro. A actividade, con música, baile e monólogos, realizouse o 18 de maio, con motivo da conmemoración o día anterior do Día das Letras Galegas.

– Seminarios para a incorporación da cooperación e a educación para o desenvolvemento nos TFG e nos TFM

A OCV, a través do convenio de colaboración entre as tres universidades galegas e a Xunta de Galicia para a promoción das actividades da RGCUD, puxo en marcha varios seminarios destinados ao profesorado e o alumnado matriculado nos TFG e TFM das diferentes titulacións da UDC, co fin de converter estes traballos nunha ferramenta para a cooperación e a educación para o desenvolvemento. Estes seminarios tiveron lugar nos campus de Oza, Elviña, A Zapateira, Esteiro e Serantes.

– O día 26 de outubro tivo lugar na Facultade de Dereito a conferencia do catedrático José Antonio Alonso sobre “Os retos da cooperación ao desenvolvemento. Obxectivos para o desenvolvemento sostible”.

– No mes de novembro, na Facultade de Ciencias da Educación, o fotógrafo Gabriel Tizón impartiu o Obradoiro de Fotografía: Persoas e Situacións: O Encontro, financiado pola RGCUD.

– Durante os meses de novembro e decembro, nos campus de Esteiro (Ferrol) e Elviña e A Zapateira (A Coruña), levouse a cabo unha actividade de sensibilización conxuntamente coa ONGD Solidariedade Internacional de Galicia. Na dita actividade achegóuselle á comunidade universitaria

unha proposta socioeducativa en que, a partir da recreación do famoso concurso “Quere ser millonario/a?”, se reflexionaba sobre o actual modelo de consumo e as súas terribles consecuencias sociais e medioambientais.

– Durante 2016 foron tamén varias as exposicións en que a OCV participou, ben como fonte de financiamento, como xa se explicitou no apartado referido á Convocatoria de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social; ben como colaboradora para a súa difusión nos campus universitarios:

- Exposición de Amnistía Internacional sobre os dereitos humanos (Facultade de Informática)
- Exposición “Miradas de Uganda” (LERD, NORMAL e Centro Cultural Universitario)
- Exposición “Una mirilla a Cariamanga, Ecuador” (NORMAL e Centro Cultural Universitario)
- Exposición colectiva “Vidas reflexadas” (NORMAL e Centro Cultural Universitario)

Experiencias

Entrevista a María José Ballesteros Álvarez, voluntaria na OCV



Que é para ti o voluntariado?

É dedicar parte do teu tempo a colaborar, de forma desinteresada, en proxectos solidarios ou con persoas ou colectivos de maior vulnerabilidade.

En que proxecto estás a participar?

Agora mesmo estou participando nestes tres proxectos:

- Apoio escolar a menores inmigrantes.
- Proxecto de sensibilización da comunidade universitaria.
- Centro de Acollida de Menores de Bañobre

Canto tempo levas colaborando en proxectos da OCV?

Desde xaneiro de 2016.

Como te sentiches o primeiro día que fuches ao proxecto?

Feliz e ilusionada por empezar. E con moitas ganas de poder ser de axuda.

Que che proporciona o voluntariado no persoal, profesional e vital?

A nivel persoal dáme a posibilidade de coñecer de preto diferentes colectivos que están en situación de vulnerabilidade e facerme máis sensible á súa problemática. Tamén me gusta moito estar en proxectos en que traballo con outros voluntarios. Dá moita satisfacción estar á beira de persoas comprometidas, con valores e xenerosidade.

A nivel profesional, gústame coñecer os diferentes profesionais que traballan con estes colectivos, e poder ver e valorar os seus esforzos e a súa dedicación.

E a nivel vital, coñecer estas problemáticas de preto e as súas necesidades contribúe a que o meu compromiso persoal sexa cada vez maior e máis activo.

Cales foron as túas motivacións para iniciar un labor voluntario?

Querer participar de forma activa na sociedade e poñer o meu graniño de area para facer deste mundo un lugar mellor

Por que na OCV?

Porque sabía que traballaban en diferentes proxectos. E porque fan unha xestión moi profesional do voluntariado, con formación, información e apoio. Esta é a mellor forma para que o labor voluntario se faga ben.

Actividades con outras entidades de acción social Asociación ARELA

Colaboramos con esta asociación de persoas con diversidade funcional nun acto de difusión do seu labor e sensibilización.

Fundación SEUR

Seguimos a colaborar coa dita fundación na campaña solidaria de recollida de tapóns para distintas causas. Os recipientes, en distintos edificios da UDC, seguen enchéndose de tapóns de plástico, de xeito que a súa doazón xa é un acto cotián.

Fundación Érguete

Durante o ano 2016, parte do voluntariado que está a colaborar no programa do Centro Penitenciario de Teixeiro sumouse a unha iniciativa desta entidade tamén presente no cárcere. Así, participouse xunto á Fundación Érguete, o Centro de Inserción Social e o Concello da Coruña nunha campaña de sensibilización sobre o coidado medioambiental durante a celebración da noite de san Xoán nas praias coruñesas, en que participaron internos do centro.

Banco de Alimentos

A OCV colaborou coa dita entidade durante o mes de marzo no marco da súa campaña anual de recollida de alimentos nos campus universitarios da Coruña e Ferrol.

Asociación persoas Xordas Ferrol (AXF)

Coa dita entidade ferrolá, organizouse un Obradoiro de Lingua de Signos Española, de tipo práctico, que cubriu todas as prazas e resultou moi ben valorado polo alumnado.

Colaboracións con outras administracións Concello da Coruña

A OCV colaborou estreitamente coa Área de Servizos Sociais na organización anual das Xornadas para as Persoas sen Teito e na coordinación do proxecto de voluntariado que a OCV ten nesta temática.

Xunta de Galicia

Durante o ano 2016, o persoal técnico da OCV participou no encontro autonómico para traballar no deseño dunha estratexia galega en materia de educación para o desenvolvemento, levado a cabo en xaneiro en Santiago de Compostela, así como en entrevistas grupais e individuais realizadas a través de Skype, e fixo ademais as correspondentes achegas á dita estratexia.

Colaboracións no seo da Universidade da Coruña CUFIE

Dentro da UDC, a OCV traballa para cooperar e coordinarse co resto de unidades e servizos con que existen liñas de traballo comúns. Así, colabórase estreitamente co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) na posta en marcha e a potenciación da aprendizaxe-servizo na UDC.

SAPE

Tamén se colabora co Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE) para o intercambio de información e a súa posterior difusión nas respectivas redes, tanto no campus coruñés como no ferrolán.

OIX

Colaboramos estreitamente coa Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) na difusión de actividades e/ou na súa organización, en especial coas desenvolvidas ao redor do Día Internacional das Mulleres.

Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

Anualmente, a OCV colabora coa Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos na realización dun ciclo de conferencias de introdución á cooperación para o desenvolvemento, en que se dá unha visión clara do que é a cooperación nos países do sur, se definen os conceptos chave da cooperación e se favorece a sensibilización da poboación universitaria, así como do resto do público en xeral.

OMA

En 2016 colaboramos coa Oficina de Medio Ambiente (OMA) nas VII Xornadas de Sustentabilidade na UDC, que tiveron lugar en decembro. O voluntariado do programa de ensino para o desenvolvemento e sensibilización da OCV levou a cabo un obradoiro co título “Aplica a ecoloxía no teu fogar”.

ONGD presentes na UDC

Salientamos o noso compromiso de colaboración coas ONGD presentes na UDC (Enxeñería sen Fronteiras, Arquitectura sen Fronteiras). Mantemos estreitos lazos con elas e traballamos conxuntamente en iniciativas que redundan na promoción da cooperación e a educación para o desenvolvemento, tanto dentro da comunidade universitaria como no conxunto da sociedade en xeral.

FUAC

Por último, mantemos a nosa colaboración coa Fundación Universidade da Coruña (FUAC) para o proxecto conxunto coa Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique financiado pola Convocatoria de innovación en cooperación ao desenvolvemento da AECID.

4

Aprendizaxe e Servizo

A aprendizaxe-servizo é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo comunitario nun proxecto ben articulado, en que os participantes aprenden a traballar en necesidades reais da contorna, co fin de melloralas.

En suma, a aprendizaxe-servizo é un método para unir o compromiso social para a aprendizaxe de coñecementos, habilidades, actitudes e valores. Aprende a ser competente para ser útil a outros.

Centre Promotor d'Aprenentatge Servei

A mediados do ano 2014 a OCV iniciou un novo proxecto, enfocado a introducir na UDC unha metodoloxía ben coñecida xa noutros países (especialmente os de tradición anglosaxona) e en comunidades como a catalá, pero que na nosa contorna non ten aínda moita representación, sobre todo no tocante á comunidade universitaria: a aprendizaxe-servizo.

En 2015 empezouse a traballar co CUFIE na elaboración dun protocolo interno de repartición de responsabilidades entre os dous servizos nesta materia. Así mesmo, organizouse un obradoiro práctico de formación para o PDI, coa participación de entidades do terceiro sector, para poder ir materializando propostas de aprendizaxe-servizo e iniciando algúns dos proxectos. A raíz disto traballouse nun convenio marco de colaboración entre todas as entidades dispostas a participar en proxectos deste tipo e a UDC, e iniciáronse cinco novas propostas de proxecto entre profesorado e ONGD.

En decembro do 2015 o Consello de Goberno da UDC aprobou un documento de institucionalización da aprendizaxe-servizo, para fomentar a implementación desta nova metodoloxía por parte do profesorado. O persoal técnico da OCV principiou a formarse nesta materia asistindo a diversos cursos de formación e congresos de ámbito estatal.

En marzo de 2016 fíxose un novo curso para o PDI sobre a metodoloxía da aprendizaxe-servizo, cunha parte de traballo do alumnado. Este traballo consistiu en elaborar unha pequena proposta de aprendizaxe-servizo enmarcada dentro dunha materia, e serviu de base para o inicio de novos proxectos.

En xuño de 2016 fíxose a primeira convocatoria para a certificación do profesorado, en que se certificaron 22 proxectos, moi por enriba das expectativas previstas.

Durante o mes de xullo entrevistámonos cos equipos directivos de case todos os centros dos campus da Coruña e Ferrol, para informalos sobre esta metodoloxía e ver as posibilidades de implantala nas titulacións. Destas reunións saíron novas propostas que foron traballadas individualmente. En concreto, fixéronse dúas propostas para elaborar proxectos de fin de grao, unha das cales comezou a súa andaina en novembro do 2016 na Facultade de Economía e Empresa.

En outubro de 2016, a OCV e o CUFIE representamos a UDC no VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario, con dúas comunicacións en que explicamos a experiencia da nosa universidade nesta metodoloxía.

A raíz dos novos proxectos que se están a poñer en marcha, durante o ano 2016 asináronse 20 convenios con novas entidades colaboradoras.

5

Formación

Acción e efecto de formar ou formarse. Conxunto de coñecementos teóricos e prácticos adquiridos polo estudo e a experiencia, sobre unha materia determinada ou en xeral.

Diccionario da RAG

Desde a OCV somos moi conscientes da importancia da formación para todas aquelas persoas que colaboran nalgunha das nosas propostas, pois para participar hai que saber como facelo.

A formación é unha das principais liñas estratéxicas de traballo da OCV. Preténdese que as accións que realiza o noso voluntariado sexan de calidade, polo que cando unha persoa decide implicarse nalgún programa debe realizar un curso básico encamiñado a que coñeza os seus dereitos, os seus deberes e os aspectos xerais relacionados co labor que levará a cabo.

Ademais desta formación inicial básica, promóvese a formación continua nos aspectos específicos que se vinculan a cada programa, como por exemplo as habilidades sociais ou a animación hospitalaria.

No 2016 fortalecéronse as liñas formativas e de sensibilización abertas a toda a comunidade universitaria, e que se orientan á cooperación e á educación para o desenvolvemento. Así, púxose en marcha a primeira edición do Curso de Formación Específica de Posgrao de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento, ademais de numerosos seminarios para integrar as ditas temáticas nos traballos de fin de grao, carreira e mestrado.

Leváronse a cabo tamén as Xornadas para as Persoas sen Teito, que xa van pola súa sétima edición, na Coruña; ou o Curso de Introducción á Cooperación e Educación ao Desenvolvemento, en Ferrol.

Doutra banda, o propio persoal desta oficina asistiu a diferentes cursos e xornadas de formación, entre os que cabe salientarmos os seguintes:

- O obradoiro “Careers in Education in Emergencies and Development Contexts” e a conferencia “Supporting Education in Emergencies and Protracted Crises: Architecture, Capacity, Finance and Institutional Arrangements”, no marco do

Seminario Educación e Cooperación em Contextos de Emergência organizado pola Universidade do Minho en Braga (Portugal) no mes de abril.

– E a I Xornada Autonómica de Cooperación e Solidariedade, organizada polo Colexio de Médicos de Galicia en Santiago de Compostela no mes de xuño.

Igualmente, presentáronse comunicacións en congresos, como foi o caso do VII Congreso Nacional e II Internacional de Aprendizaxe-Servizo Universitario, que tivo lugar en outubro en Santiago de Compostela. Participouse tamén no Taller Co-Lab: Laboratorio Cidadán, organizado polo Concello da Coruña os días 24 e 25 de novembro, e no I Encontro de Xestores/as de Redes Sociais da UDC, celebrado no mes de decembro na Sala de Prensa da Reitoría.

Por outra banda, as dúas técnicas da OCV obtiveron en 2016 cadansúa bolsa para participar en distintos programas de intercambio de carácter internacional. Así, unha delas viaxou a Holanda no mes de febreiro cunha bolsa Erasmus + para compartir experiencias sobre diferentes proxectos de aprendizaxe-servizo realizados dentro de The Hague Colleague. A outra técnica entrou no programa de mobilidade intercontinental Stella, que a levou á Universidade de Arizona (Tucson, Estados Unidos), onde durante unha semana de apertada axenda compartiu experiencias co Consorcio para a Colaboración na Educación Superior en América do Norte (CONAHEC) e a Office of Global Initiatives da dita universidade.

Por último, como é habitual, recollemos os datos de todos os cursos de formación organizados durante o ano 2016 nos campus da Coruña e Ferrol na infografía que se presenta a continuación. Amosamos nela o número de asistentes aos ditos cursos, e o nivel de satisfacción xeral acadado, nunha escala que vai do 1 ao 5, en que 5 é o valor máximo de satisfacción.

338

Asistentes a cursos de formación no ano 2016



18

Proxectos de Coñecemento da Realidade. Voluntariado en Cooperación

Grao de satisfacción xeral: 4,41

17

Curso de Formación Específica de Posgrao de Cooperación e Educación ao Desenvolvemento

Grao de satisfacción xeral: 4,2

15

Curso de Animación Hospitalaria para o Voluntariado

Grao de satisfacción xeral: 4,29

13

Curso de Primeiros Auxilios

Grao de satisfacción xeral: 4,4

23

Seminario sobre Saúde en Cooperación ao Desenvolvemento e Acción Humanitaria

Grao de satisfacción xeral: 3,9

89

Curso Básico de Voluntariado

Grao de satisfacción xeral: 4,66

17

Curso de Xogos Cooperativos Orientado ao Voluntariado con Menores

Grao de satisfacción xeral: 4,13

59

VII Xornadas sobre as Persoas sen Teito. Puntos de Encontro

Grao de satisfacción xeral: 3,94

20

Obradoiro de Lingua de Signos Española

Grao de satisfacción xeral: 4,8

13

Obradoiro Práctico de Intervención Educativa. A Revolución dos Coidados

Grao de satisfacción xeral: 4,5

Participación en redes RGCUD

No ano 2014 a OCV e a Universidade de Santiago de Compostela iniciaron as tarefas necesarias para crear a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), conformada polas universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo grazas ao financiamento da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Externas e coa Unión Europea.

No ano 2016, renovouse a sinatura do convenio correspondente, con carácter bianual, para levar a cabo un proxecto de fortalecemento da RGCUD. Así, en 2016 e 2017 a Xunta achegará 100 000 €, e as universidades 25 000 €, para cubriren o custo total do proxecto que ten como obxectivo que o sistema universitario galego se afiance como un axente de cooperación para o desenvolvemento con actuacións en cooperación e educación para o desenvolvemento.

REUS

A Rede Española de Universidades Saudables (REUS) é un dos grupos de traballo da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE). Está formada por dúas de universidades españolas; a propia CRUE; o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade; o Ministerio de Educación e algunhas estruturas de saúde pública de varias autonomías. O seu obxectivo fundamental é que as universidades funcionen como entidades promotoras da saúde e o benestar da comunidade universitaria e da sociedade no seu conxunto.

A OCV pertence á Comisión Técnica do Campus UDC≡ Universidade Saudable, en que participa activamente con diferentes propostas de elaboración de recursos ou de actividades no Día das Universidades Saudable, entre outras accións.

REEDES

A OCV, a través da RGCUD, renovou a súa pertenza á Rede Española de Estudos de Desenvolvemento (REEDES). Por tanto, seguiu a difundir as convocatorias, os artigos e as propostas que xorden desta rede académica, interdisciplinar, especializada na

investigación e a docencia en temas de desenvolvemento e cooperación internacional.

Foro Galego de Inmigración

A OCV é membro do Foro Galego de Inmigración desde o ano 2004, e colabora coa dita plataforma na organización de distintas actividades de sensibilización, alén de reivindicativas, sobre os dereitos das persoas migrantes.

Durante o ano 2016, sumouse á Marcha Europea polos Dereitos das Persoas Refuxiadas, que entre outras accións organizou unha marcha na cidade da Coruña o 27 de febreiro.

Sinerxías con outras universidades Universidade de Vigo

Pola propia existencia da RGCUD, o traballo de coordinación coa dita universidade en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento é un feito, mais se cabe en 2016 porque a Universidade de Vigo foi a encargada de levar a cabo a xestión económica e a xustificación global do convenio asinado no mes de setembro para a bianualidade 2016-2017, polo que a comunicación ao longo de todo o ano foi moi intensa.

Universidade de Santiago de Compostela

Pola mesma razón que no caso da Universidade de Vigo, o traballo de coordinación coa dita universidade en materia de cooperación universitaria ao desenvolvemento é un feito necesario.

Universidade do Minho (Portugal)

Grazas ao programa Iacobus, en 2015 establecéronse relacións coa Universidade do Minho (Portugal). En 2016, continuouse co intercambio de información sobre iniciativas e actividades levadas a cabo polas dúas universidades.

Universidade Eduardo Mondlane (Mozambique)

A OCV participa como socia xunto á Fundación Universidade da Coruña e a Universidade Eduardo Mondlane de Mozambique nun proxecto de cooperación universitaria ao desenvolvemento que foi presentado á Convocatoria de Proxectos de innovación en cooperación ao desenvolvemento da AECID co título de “Implementación de un sistema de aprendizaje y servicio para el alumnado enfocado a habitabilidad integral (agua, saneamiento, y mejora de la habitabilidad) de la Universidad Eduardo Mondlane (Maputo-Mozambique)”, abreviadamente Kaya Clinica. O dito proxecto foi aprobado e subvencionado cun importe total de 187 250 €, cunha achega da AECID de 74 824 €, para un período de execución de 18 meses.

Comunicación

A comunicación, tanto interna como externa, é unha cuestión básica en calquera organización, xa que fai posible unha mellor integración das persoas que a conforman. No caso da OCV, a comunicación coas persoas voluntarias faise tanto de xeito informal como a través de canles máis formalizadas. Isto tamén acontece co resto de grupos de interese, no tocante á comunicación exterior, e entre o seu persoal técnico e as persoas responsables da entidade.

En calquera caso, búscase garantir que a comunicación interna e externa sexa constante e fluída, e para conseguir isto, empregamos distintos mecanismos.

Por outra banda, un dos obxectivos que nos marcamos en 2016, aproveitando o inicio dos traballos para a elaboración do noso novo Plan estratéxico 2017-2020, é deseñar un plan de comunicación que nos permita mellorar neste cometido. Así, entre outras accións, participouse no I Encontro de Xestores/as de Redes Sociais da UDC, organizado no mes de decembro na Sala de Prensa da Reitoría.

Páxina web propia

Na actualidade supón a principal vía de difusión externa das nosas iniciativas. Nela informamos sobre todas as actividades da OCV e poñemos á disposición das persoas usuarias documentos de interese ou ligazóns ás páxinas web doutras institucións ou organizacións. Así mesmo, a través dela pode facerse a preinscrición nas distintas accións formativas programadas ao longo do curso académico.

Outra das vías de comunicación externa da OCV, que se utiliza puntualmente cando a necesidade de proxección exterior da nova así o require, é a páxina web principal da UDC.

Intranet

Dentro da UDC, contamos tamén con outros medios propios de difusión, como é o caso das bases de datos de voluntariado e ONGD que manexamos, e doutros grupos de correo con persoas interesadas en recibiren información sobre cursos e conferencias centrados en temáticas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento e co voluntariado social. Xa que logo, o envío de información a través do correo electrónico é unha das nosas principais vías de comunicación.

RGCUD

Desde a creación e posta en marcha da web da RGCUD, o dito portal especializado converteuse nun recurso máis para a difusión das actividades desenvolvidas pola OCV. Así, estas son recollidas ademais polo Observatorio de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (OCUD), que publica na súa web as nosas novas, ampliando enormemente a difusión do noso traballo.

Redes sociais

Desde o ano 2011 dispoñemos dun perfil en Facebook a que se pode acceder buscando “Ocv Udc”, e que a finais do 2016 acadou máis de 1290 persoas seguidoras.

Boletín informativo

O *Boletín Informativo* da OCV vai dirixido ao noso voluntariado en activo e a aquelas persoas que nalgún momento formaron parte da organización, mais tamén a outras entidades que se sumaron como subscritoras. Ao remate do ano atinximos máis de 400 persoas subscritoras que reciben información cada 15 días, nun formato adaptado á súa lectura nos teléfonos intelixentes.

Taboleiros de anuncios

A OCV dispón de taboleiros de anuncios en dous espazos físicos nas oficinas da Coruña e Ferrol, en que a promoción das súas actividades se realiza por medio de trípticos e carteis, os cales tamén son repartidos no resto de facultades e edificios dos respectivos campus.

Reunións periódicas

O persoal técnico da entidade reúnese puntualmente coas persoas coordinadoras dos distintos programas de voluntariado en funcionamento para coñecer o desenvolvemento destes, e poder facer os axustes pertinentes no caso de seren necesarios. Tamén fai continuas visitas ás entidades con que realiza actividades en convenio para o seu seguimento conxunto, ou recibe os seus representantes en calquera das dúas oficinas de que dispón a OCV nos campus de Elviña e Esteiro.

Así mesmo, a dirección da OCV reúnese co seu persoal técnico con asiduidade para avaliar a actividade do servizo e programar novas accións de iniciativa propia ou en colaboración con outras entidades.

Encontros informais

No mes de novembro tivo lugar a XVII Festa Solidaria da OCV nun pub da Coruña.

Medios de comunicación

Nalgunhas ocasións as actividades desenvolvidas pola OCV son recollidas en distintos medios de comunicación, sobre todo na prensa escrita, mais tamén puntualmente en televisións locais e radios, o que supón un importante pulo para a difusión das nosas propostas.

Este ano medios como *La Opinión de A Coruña*, o *Diario de Ferrol* ou *La Voz de Galicia* publicaron distintos artigos e novas sobre as nosas actividades. Tamén se participou en varios programas de radio nas emisoras Kuak FM e Radio Voz, con entrevistas sobre os diferentes proxectos da OCV.

Tipografías empregadas

Georgia, tamaños 10 e 11
Trebuchet MS, tamaños 24, 26, 28 e 72

Cores principais empregados

Vermello: RGB 255, 107, 107 | HEX #FF6B6B
Azul/turquesa: RGB 78, 205, 196 | HEX #4ECDC4
Gris: RGB 128, 128, 128 | HEX #808080

Recursos web externos empregados

www.mapbox.com

Documento optimizado para a súa edición en Microsoft Word 2010